CINEMA GALEGO 2026
CICLO MESTRE MATEO



CICLO MESTRE MATEO

PROXECCIÓN DA LONGAMETRAXE GAÑADORA

SIRAT

DE **OLIVER LAXE**

Sábado 28 de novembro de 2026 - 20:00 h.

AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA

O Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA), en colaboración coa Academia Galega do Audiovisual, a Área de Cultura-Vicepresidencia da Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba, organiza a PROXECCIÓN DA LONGAMETRAXE GAÑADORA DOS MESTRE MATEO-2026: **SIRAT**, de *Oliver Laxe*, dando por rematado deste xeito o CICLO MESTRE MATEO-2026 que durante os pasados meses brindounos a oportunidade de poder disfrutar das películas finalistas (documentais, longametraxes e curtas) dos XXIV PREMIOS MESTRE MATEO.

Esta **DÉCIMA e ÚLTIMA** proxección terá lugar no **Auditorio Municipal de Vilalba** o **sábado 28 de novembro de 2026, ás 20:00 horas.**

SINOPSE

Un home e o seu fillo chegan a unha rave perdida en Marrocos. Buscan a Mar, a súa filla e irmá, desaparecida hai meses nunha desas festas sen amencer. Reparten a súa foto unha e outra vez, arrodeados de música electrónica e dun tipo de liberdade que descoñecen. Coñecen un grupo de raveiros e deciden seguilos a unha última festa que se celebrará no deserto, onde agardan atopar a moza desaparecida.

DURACIÓN

114 min

FICHA TÉCNICA

Dirección: Oliver Laxe
Guión: Oliver Laxe, Santiago Fillol
Produción executiva: Esther García
Director de produción: Oriol Maymó
Director de fotografía: Mauro Herce
Directora de arte: Laia Ateca
Montaxe: Cristóbal Fernández
Vestiario: Nadia Acimi
Son directo: Amanda Villavieja
Deseño de son: Laia Casanovas
Efectos especiais: Lluís Rivera, Pep Claret, Benjamin Ageorges
Música: Kangding Ray

Reparto: Sergi López, Bruno Núñez, Stefania Gadda, Joshua Liam Henderson, Tonin Janvier, Jade Oukid, Richard Bellamy

CANDIDATURAS XXIV PREMIOS MESTRE MATEO

Dirección de arte
Dirección de fotografía
Dirección de produción
Director
Guión
Longametraxe
Maquillaxe e Perruquería
Montaxe
Música Orixinal
Son
Vestiario
PELÍCULA GAÑADORA

